



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los acuerdos alcanzados entre el Estado español y Portugal en la última cumbre bilateral.**

El pasado 6 de marzo tuvo lugar en Rábida la 36ª Cumbre entre el Estado español y Portugal. Se firmaron acuerdos en distintas materias, entre la que se incluye la emergencia climática y la protección civil, así como el refuerzo de la cooperación entre las respectivas agencias espaciales a través de la Constelación del Atlántico, un proyecto que consta de 16 satélites de observación terrestre para prevenir inundaciones, incendios y olas de calor.

Un acuerdo de mejora de la cooperación en este ámbito resulta imprescindible teniendo en consideración las oleadas de incendios que arrasaron Portugal y Galicia en los últimos años, especialmente el pasado mes de agosto, así como las inundaciones y borrascas que afectaron a ambos países este invierno.

Asimismo, según la información hecha pública, se alcanzaron acuerdos en materia de trabajo, innovación tecnológica e investigación, la apuesta por la competitividad basada en la sostenibilidad y la descarbonización, para incrementar las inversiones en innovación y para la cohesión social y territorial, además del mantenimiento de la PAC, entre otras cuestiones.

Sin embargo, en lo que respecta a las infraestructuras, no parece que se haya concretado nada más allá de las declaraciones realizadas tras la reunión. En este sentido, con respecto al importante proyecto de conexión ferroviaria de alta velocidad entre Vigo y Oporto, solo han trascendido las palabras del mandatario luso, hablando de un nuevo horizonte temporal para la finalización de dicha conexión, que en esta ocasión ha situado en el año 2033. La conexión Madrid-Lisboa sería, según sus palabras, para 2034. Por parte del Presidente del Ejecutivo español, la única declaración respecto de esta cuestión ha sido indicar que la infraestructura ferroviaria entre ambos Estados «debe acelerarse y agilizarse», explicando el compromiso del Gobierno español de avanzar en estas infraestructuras. Por lo tanto, es fácil concluir que la materia ferroviaria no ha sido objeto de revisión ni de nuevos acuerdos en esta nueva cumbre bilateral.



Sin embargo, como bien sabe el Gobierno, la conexión Vigo-Oporto de alta velocidad es una infraestructura imprescindible y largamente demandada para la modernización de las conexiones ferroviarias entre Portugal y Galicia. Por lo tanto, el ejecutivo español debe trabajar en coordinación con el portugués para avanzar en la materialización de esta infraestructura, fundamental para posibilitar la conexión transfronteriza. Y para lograrlo, es necesario impulsar de forma decisiva las obras de la denominada salida sur de Vigo, que siguen en fase de estudio, acumulando aún más retrasos.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué acuerdos relevantes para Galicia se alcanzaron en la última cumbre entre el Estado español y Portugal?
2. ¿Los acuerdos en materia de emergencia climática y protección civil, y para reforzar la cooperación en el proyecto de la Constelación Atlántica, de observación mediante satélites para prevenir inundaciones, incendios y olas de calor cómo se aplicarán? ¿Puede facilitar información sobre en qué consisten y cómo beneficiarán a Galicia, cuya zona transfronteriza se ha visto afectada por devastadores incendios y frentes de borrascas?
3. ¿Se han alcanzado acuerdos en materia de lingüística? ¿De ser así, en qué consisten? ¿Considera que Galicia y Portugal comparten una lengua común y forman parte de la lusofonía?
4. ¿En lo que respecta a la PAC, mantienen ambos Gobiernos una posición común? ¿A qué tipo de acuerdo se ha llegado en relación con el próximo marco financiero de la UE y la asignación de inversiones en la PAC?
5. ¿Se ha abordado la renovación del acuerdo de gestión de la sardina con Portugal, en vigor desde 2021 y que vence este año 2026 para una nueva distribución de cuotas que parta del número de buques y tripulantes?
6. ¿Ha habido algún acuerdo en relación con la ejecución de la conexión ferroviaria de alta velocidad Vigo-Oporto? ¿En caso afirmativo, en qué consiste?
7. ¿Se han abordado otras cuestiones en materia de infraestructuras que afectan a Galicia?
8. ¿En materia ambiental, se ha abordado la situación del río Miño en su desembocadura y la necesidad de regeneración ambiental?
9. ¿Qué medidas o propuestas ha llevado el Gobierno a la cumbre para impulsar el desarrollo de la eurorregión Galicia-norte de Portugal?

Madrid, a 16 de marzo de 2026



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAR. 2026 19:41:51

Entrada **106376**

Sobre os acordos alcanzados entre o Estado español e Portugal na última cimeira bilateral

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos acordos alcanzados entre o Estado español e Portugal na última cimeira bilateral.**

O pasado 6 de marzo tivo lugar na Rábida a 36 Cimeira entre o Estado español e Portugal. Asináronse acordos en distintas materias, entre as que se inclúe a emerxencia climática e protección civil, así como o reforzamento da cooperación das respectivas axencias espaciais a través da Constelación Atlántica, un proxecto constituído por 16 satélites de observación terrestre para previr inundacións, incendios e ondas de calor.

Un acordo de mellora da cooperación neste ámbito resulta imprescindible tendo en consideración as vagas de incendios que arrasaron Portugal e a Galiza nos últimos anos, especialmente o pasado mes de agosto, así como as inundacións e borrascas que afectaron a ambos países este inverno.

Así mesmo, segundo a información feita pública, fecháronse acordos en materia de traballo, en innovación tecnolóxica e investigación, a aposta pola competitividade en base á sustentabilidade e a descarbonización, para incrementar os investimentos en innovación e para a cohesión social e territorial, ademais do mantemento da PAC, entre outras cuestións.

Porén, no referido ás infraestruturas, non parece que se concretase nada máis alá das declaracións realizadas despois da xuntanza. Neste sentido, a respecto do importante proxecto de conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAR. 2026 19:41:51

Entrada **106376**



Porto, só transcenderon as palabras do mandatario luso falando dun novo horizonte temporal para a finalización da devandita conexión que situou nesta ocasión no ano 2033. A conexión Madrid-Lisboa sería, en base ás súas palabras, para o 2034. Por parte do Presidente do Executivo español a única declaración respecto desta cuestión foi a de indicar que as infraestruturas ferroviarias entre ambos os Estados “teñen que acelerarse e axilizarse”, explicitando o compromiso do Goberno español para avanzar nestas infraestruturas. Por tanto, é fácil concluír, que a materia ferroviaria non foi obxecto de revisión ou de novos acordos nesta nova cimeira bilateral.

Porén, como ben sabe o Goberno, a conexión Vigo-Porto de alta velocidade é unha infraestrutura imprescindíbel, e longamente demandada, para a modernización das conexións ferroviarias entre Portugal e a Galiza. Así pois, o executivo español debe traballar en coordinación co portugués para avanzar na materialización desta infraestrutura, fundamental para posibilitar a conexión transfronteiriza. E para logralo, deben impulsarse de forma decidida as obras da chamada saída sur de Vigo que continúa en fases de estudos acumulando aínda máis atrasos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que acordos con relevancia para á Galiza foron alcanzados na última cimeira Estado español – Portugal?
2. Os acordos en materia de emerxencia climática e protección civil e para reforzar a cooperación no proxecto Constelación atlántica, de observación mediante satélites para previr inundacións, incendios e vagas de calor, Como van a ser aplicados? Pode achegar información sobre en que consisten e como van beneficiar á Galiza, cuxa zona transfronteiriza foi afectada por devastadores incendios e frentes de borrascas?



3. Concluíronse acordos en materia lingüística? De ser así, en que consisten? Contemplan que a Galiza e Portugal comparten unha lingua común e forman parte da lusofonía?
4. No referido á PAC, manteñen ambos Gobernos unha posición común? A que tipo de acordo se chegou en relación ao próximo marco financeiro da UE e a afección aos investimentos na PAC?
5. Abordouse a renovación do acordo de xestión da sardiña con Portugal, vixente desde 2021 e que vence este ano 2026 para unha nova repartición de cotas que parta do número de buques e tripulantes?
6. Houbo algún acordo en relación coa execución da conexión ferroviaria de alta velocidade Vigo-Porto? En caso afirmativo, en que consiste?
7. Abordáronse outras cuestións en materia de infraestruturas que afectan á Galiza?
8. En materia ambiental, abordouse a situación do río Miño na súa desembocadura e a necesidade dunha rexeneración ambiental?
9. Que medidas ou propostas levou o Goberno á cimeira para impulsar o desenvolvemento da eurorrexión Galiza-norte de Portugal?

Madrid, a 16 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

